Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // *C.P.:* 15175// *Tel.: 981670002 Fax:* 981 6722 82// *C.LF.: P-1502100 I*

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: FIXACIÓN DOS SERVIZOS MÍNIMOS NO CONCELLO DE CARRAL CON MOTIVO DA FOLGA XERAL CONVOCADA EN TODA ESPAÑA PARA O DÍA 11 DE NOVEMBRO DE 2026.

EXPEDIENTE: 2026/X999/000255

EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000646

Vista a proposta asinada dixitalmente pola técnica xurídica cuxo contido queda como segue:

"ASUNTO: Fixación dos servizos mínimos no Concello de Carral con motivo da folga xeral convocada en toda España para o día 11 de novembro de 2026.

Expediente: 2026/X999/000255

Antecedentes de feito

Primeiro. As organización sindicais CCOO, UGT, CGT, CO.BAS e Intersindical, xunto coa Confederación de Sindicatos de Inquilinas, rexistraron o 19 de outubro de 20026 ante o Ministerio de Traballo a convocatoria de folga xeral de 24 horas en toda España para o mércores 11 de novembro de 2026, dende ás 00:00 ata ás 24:00 horas. A convocatoria afecta a todos os sectores de actividade, incluído o persoal ao servizo das administracións públicas. En Galicia, a Confederación Intersindical Galega (CIG) rexistrou o 13 de outubro de 2026 a súa propia convocatoria de folga xeral para ese mesmo día.

Segundo. As convocatorias constan rexistradas ante a autoridade laboral.

Terceiro. O Concello de Carral presta servizos que afectan a dereitos e bens constitucionalmente protexidos como a vida, a saúde, a seguridade das persoas, a protección civil, a atención a persoas en situación de dependencia ou vulnerabilidade e a salubridade pública, cuxa prestación debe garantirse durante a folga.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O artigo 28.2 da Constitución recoñece o dereito de folga dos traballadores e dispón que a lei que regule o seu exercicio establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

Segundo.- O artigo 10, parágrafo segundo, do Real Decreto-lei 17/1977, de 4 de marzo, sobre relacións de traballo, na interpretación dada pola Sentenza do Tribunal Constitucional 11/1981, atribúe á autoridade gobernativa a adopción das medidas necesarias para asegurar o funcionamento dos servizos esenciais cando a folga afecte a empresas ou servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: Q37L9b6MwKVM6ZtzD8UT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carral.es/

Terceiro.- O artigo 15.c) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (Real Decreto Lexislativo 5/2015) recoñece aos empregados públicos o dereito de folga, coa garantía do mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

Cuarto.- Segundo a doutrina do Tribunal Constitucional (entre outras, SSTC 11/1981, 26/1981, 33/1981, 53/1986 e 43/1990), a fixación de servizos mínimos corresponde a un órgano con responsabilidade política, debe estar motivada de forma específica para cada servizo e debe gardar proporción entre o sacrificio imposto aos folgistas e os dereitos e intereses dos usuarios. Os servizos mínimos non poden equivaler ao funcionamento normal do servizo.

Quinto.- O alcalde é competente para ditar restar resolución como órgano de goberno con responsabilidade política e xefe superior de todo o persoal conforme ao artigo 21.1, letras a), h) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e ao artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Sexto.- Os servizos mínimos que se fixan limítanse ao estritamente necesario para protexer a vida, a seguridade, a saúde e a atención a persoas vulnerables así como para cumprir os prazos legais improrrogables. A motivación específica de cada servizo figura no anexo.

En virtude do exposto e en uso das atribucións que me confire a lexislación vixente ***PROPOÑO***

PRIMEIRO*.- Fixar os servizos mínimos que deberá prestar o persoal do Concello de Carral durante a folga xeral convocada en toda España para o día 11 de novembro de 2026, dende ás 00:00 horas ata ás 24:00 horas, nos termos que se recollen no anexo deste decreto.*

SEGUNDO*.- Os servizos non incluídos no anexo non terán a condición de servizos mínimos. O persoal non designado poderá exercer libremente o seu dereito de folga.*

TERCEIRO*.- A designación nominal do persoal que preste os servizos mínimos corresponderá á concellaría correspondente ao servizo ou á Alcaldía, atendendo no posible a criterios de voluntariedade e rotación. A designación notificarase individualmente ás persoas afectadas antes do día da folga de maneira que quede constancia da notificación a esta Alcaldía.*

CUARTO*.- O persoal designado está obrigado a prestar os servizos mínimos asignados. O seu incumprimento poderá dar lugar a responsabilidade disciplinaria, sen prexuízo doutras que procedan. O tempo dedicado a servizo mínimos retribuirase con normalidade.*

QUINTO*.- O persoal que secunde a folga sufrirá a dedución proporcional de haberes correspondente ao tempo non traballado, de acordo coa normativa aplicable, sen que isto teña carácter de sanción.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: Q37L9b6MwKVM6ZtzD8UT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carral.es/

***SEXTO**.- Os servizos mínimos non autorizan a realización de tarefas distintas das previstas no anexo nin a substitución de persoal en folga por outro persoal.*

***SÉTIMO.-** Notificar este decreto á representación do persoal municipal e publicalo no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica.*

***OITAVO**.- Dar conta deste decreto ao pleno na próxima sesión que se celebre.*

ANEXO. SERVIZOS MÍNIMOS

SERVIZO	***SERVIZOS MÍNIMOS***	***HORARIO***	***MOTIVACIÓN***
Protección civil/emerxencias	*- un empregado.*	*Quendas habituais*	*Coordinación de emerxencias.*
Centro social de uso administrativo Toñito Espiñeira	*- un/ha traballadora social.* *-un empregado para control e saída.*	*Horario de servizo*	*Atención de urxencias sociais e situación de risco de menores e persoas vulnerables.*
Obras e servizos	*- un operario.*	*Horario de servizo*	*Emerxencias en vía pública, alumeado ou edificios que supoñan risco para as persoas.*
Casa do Concello e rexistro xeral	*- empregado para control de entrada e saída e para o rexistro.* *- a TAX.* *- a secretaria.*	*Horario de servizo*	*Presentación de documentos con prazo legal que vence ese día (artigo 16 Lei 39/2015) e urxencias administrativas e de organización.* *Fe pública en actos con prazo legal improrrogable (por exemplo: trámites do proceso das elección xerais do 29 de novembro de 2026, licitacións con prazo que vence).*
Casa da Cultura	*- un técnico municipal.* *- un empregado para control de entrada e saída.*	*Horario de servizo*	*Control entrada e saída da Casa da Cultura e urxencias administrativas.*
Limpeza centros educativos	*- CEIP Tabeaio: un empregado/a.* *CEIP Vicente Otero Valcárcel: un empregado/a.*	*Horario de servizo*	*Garantir a saúde pública, o dereito á educación e o mantemento dos servizos esencias.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: Q37L9b6MwKVM6ZtzD8UT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carral.es/

	Galiña Azul: un empregado/a.		

Non se fixan servizos mínimos na Policía Local atendendo ao establecido no artigo 53 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais de Galicia.

Carral, na data da sinatura dixital

A técnica xurídica

Sonia Campos Ares"

Á vista do devandito informe proposta (que serve de motivación deste acto, de acordo co establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) en uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases do Réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Fixar os servizos mínimos que deberá prestar o persoal do Concello de Carral durante a folga xeral convocada en toda España para o día 11 de novembro de 2026, dende ás 00:00 horas ata ás 24:00 horas, nos termos que se recollen no anexo deste decreto.

SEGUNDO.- Os servizos non incluídos no anexo non terán a condición de servizos mínimos. O persoal non designado poderá exercer libremente o seu dereito de folga.

TERCEIRO.- A designación nominal do persoal que preste os servizos mínimos corresponderá á concellaría correspondente ao servizo ou á Alcaldía, atendendo no posible a criterios de voluntariedade e rotación. A designación notificarase individualmente ás persoas afectadas antes do día da folga de maneira que quede constancia da notificación a esta Alcaldía.

CUARTO.- O persoal designado está obrigado a prestar os servizos mínimos asignados. O seu incumprimento poderá dar lugar a responsabilidade disciplinaria, sen prexuízo doutras que procedan. O tempo dedicado a servizo mínimos retribuirase con normalidade.

QUINTO.- O persoal que secunde a folga sufrirá a dedución proporcional de haberes correspondente ao tempo non traballado, de acordo coa normativa aplicable, sen que isto teña carácter de sanción.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: Q37L9b6MwKVM6ZtzD8UT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carral.es/

SEXTO.- Os servizos mínimos non autorizan a realización de tarefas distintas das previstas no anexo nin a substitución de persoal en folga por outro persoal.

SÉTIMO.- Notificar este decreto á representación do persoal municipal e publicalo no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica.

OITAVO.- Dar conta deste decreto ao pleno na próxima sesión que se celebre.

ANEXO. SERVIZOS MÍNIMOS

SERVIZO	SERVIZOS MÍNIMOS	HORARIO	MOTIVACIÓN
Protección civil/emerxencias	- un empregado.	Quendas habituais	Coordinación de emerxencias.
Centro social de uso administrativo Toñito Espiñeira	- un/ha traballadora social. -un empregado para control e saída.	Horario de servizo	Atención de urxencias sociais e situación de risco de menores e persoas vulnerables.
Obras e servizos	- un operario.	Horario de servizo	Emerxencias en vía pública, alumeado ou edificios que supoñan risco para as persoas.
Casa do Concello e rexistro xeral	- empregado para control de entrada e saída e para o rexistro. - a TAX. - a secretaria.	Horario de servizo	Presentación de documentos con prazo legal que vence ese día (artigo 16 Lei 39/2015) e urxencias administrativas e de organización. Fe pública en actos con prazo legal improrrogable (por exemplo: trámites do proceso das elección xerais do 29 de novembro de 2026, licitacións con prazo que vence).
Casa da Cultura	- un técnico municipal. - un empregado para control de entrada e saída.	Horario de servizo	Control entrada e saída da Casa da Cultura e urxencias administrativas.
Limpeza centros educativos	- CEIP Tabeaio: un empregado/a. CEIP Vicente Otero Valcárcel: un	Horario de servizo	Garantir a saúde pública, o dereito á educación e o mantemento dos servizos esencias.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: Q37L9b6MwKVM6ZtzD8UT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carral.es/

	empregado/a. Galiña Azul: un empregado/a.		

Non se fixan servizos mínimos na Policía Local atendendo ao establecido no artigo 53 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais de Galicia.

RECURSOS

Contra este decreto, que pon fin á vía administrativa de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, poderán interpoñerse os seguintes recursos:

a) Con carácter potestativo, **recurso de reposición** ante a Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Directamente, **recurso contencioso-administrativo** ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, conforme aos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo, por afectar ao exercicio do dereito fundamental de folga recoñecido no artigo 28.2 da Constitución española, poderá interpoñerse **recurso contencioso-administrativo polo procedemento especial para a protección dos dereitos fundamentais da persoa**, regulado nos artigos 114 e seguintes da Lei 29/1998, no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación.

No caso de interpoñerse recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta, segundo o artigo 123.2 da Lei 39/2015.

Todo isto sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro recurso que consideren procedente.

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: Q37L9b6MwKVM6ZtzD8UT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carral.es/

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, n° 1 // C.P.: 15175// *Tel.: 981670002 Fax:* 981 6722 82// *C.LF.: P-1502100 I*

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es

O Alcalde
Asdo.- José Luis Fernández Mouriño

Dou fe, a Secretaria
Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: Q37L9b6MwKVM6ZtzD8UT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carral.es/